


CASAS CON HISTORIA

CASA-TORRE DE FREANDE:




No censo do Marqués de la Ensenada, 1752, aparece na relación do vecindario como único veciño deste lugar o fidalgo Juan Rafael Troncoso. Hai documentación de 1862 onde "Juan Rafael Troncoso Lago Rajo y Acuña, de Cela, dono e señor da casa -torre de Freande, señor de Moreira, Troncoso, Savajanes, sendo chamado para o real servizo á defensa do monarca Carlos III, contra Portugal, outorga poder a Josepha Rey Mendez Figueroa, súa muller, para administración de bens, nomear xuíces nos seus cotos, cubrir vacantes dos seus beneficios (entre eles Santiago de Borbén, que debería nomear a Pedro Antonio de la Rúa Aldao, veciño de Bueu)"



Do resto pouco se sabe. Máis se nos fixamos nos escudos que hoxe en día se atopan postos na casa da curva de Freande, poderemos observar que pertencen a heráldica antiga (por carecer de moitos elementos dos escudo máis recentes). Un dos escudos que, pola súa forma, ben puidera ser un frontis dunha entrada a un casal, vense mesturados elementos pertencentes a varias familias nobres Moscosos, Acuña (cuñas do 1º cuarto central), Camba (as rodas),... Destacar esas mans, das que unha delas porta unha espada que se crava nun corazón. Os mesmos elementos pódense observar no outro escudo se ben presenta pequenas modificacións.

CASA DA TORRE



No ano 1371, o arcebispo D. Rodrigo de Moscoso concédelle a

Alvar Páez a metade da freguesía de Cella. Se ben a parroquia de Cella está composta por unha serie de lugares, será o lugar no entorno da Torre o que maiormente se identifique co topónimo de Cella, pois en innumerables ocasións a rama dos Charino-Sotomaior refírese á súa torre como 'á casa de Cella'. (Ex. Testamento de Pajo Gómez de Sotomaior, no ano 1454)

O lugar de A Torre consta de varios agrupamentos de casas no que destaca a zona onde existiu a primitiva "Torre".

Accédese pola estrada que vai ó Igrexario e logo continúa polo ramal que vai ó Colexio Público. Á súa vez A Torre ten un camiño interior de subida que se colle na casa "da Torre" (casa na que se utilizou para a súa

TORRE DO PRACER



Ligada esta casa ó señorío de St^a Cruz, e máis concretamente ó apelido Aldao, primeiro, e logo ó Pimentel.

A principios do s. XVIII, vivía José Aldao y Taboada; xa había capela con confraría e libros, dedicada a San Antonio.

No século XIX, foron donos entre outros: Pedro Pimentel Sotomayor Rúa y Aldao (oficial retirado) "patrón de los Patronos de los Stos. Reyes, señor del Placer,...." casado con Dolores Alfeiran. No lugar da Casa Torre de St^a Cruz. Casimiro Antonio Pimentel (dono das casa e pazos de Brea da Pela, Casa e torre S^a Cruz, de la del Placer, ...) casado con Juana de la Rúa Aldao y Taboada y Sotomayor,...

Na actualidade nunha das paredes hai unha pequena fornela na que se acubilla unha imaxe da Virxe do Portal.

Nota : Datos extractados da revista O Candil.